

O EMPERADOR DE PORTUGALIA

SELMA LAGERLÖF

TRADUCCIÓN:
DAVID A. ÁLVAREZ MARTÍNEZ



Aira

UN CORAZÓN QUE PALPITA

Jan Andersson de Skrolycka, sen importar o vello que fose, xamais cansou de falar daquel día en que a súa filla viñera ao mundo.

Moi cedo pola mañá fora na procura da parteira e doutra xente para asistir no nacemento e pasara logo toda a mañá e unha boa parte da tarde sentado no tallo do pendello da leña sen outra cousa que facer que agardar.

Fóra caía a chuvia a caldeiros e, malia estar baixo cuberto, Jan non puido evitar levar a súa parte de molladura. A humidade penetraba entre as paredes desconxuntadas e do tellado cheo de fendas caían pingas pesadas. Chegábanlle refachos de vento con bategadas de chuvia pola abertura daquel pendello sen porta.

—Quixera eu saber se alguén é capaz de pensar que estou feliz coa chegada desta criatura —murmurou, e deulle unha patada a unha acha que saíu voando fóra do pendello—. Porque é a maior desgraza que me podía acontecer. Cando casamos Kattrina e mais eu foi porque estabamos fartos de sermos os criados de Erik de Falla e queríamos asentar os pés baixo unha mesa propia, mais non porque quixésemos ter fillos.

Agochou a faciana entre as mans e suspirou pesadamente. Era manifesto que o frío, a humidade e a longa e pesada espera tiñan parte importante no seu mal humor, mais non era ni por asomo todo o motivo. A súa queixa era seria.

«Traballar», pensou, «traballar é o que me toca, da mañá á noite, mais até agora polo menos había paz

polas noites. Agora vai haber unha criatura a berrar e non vai haber descanso posible».

Chegado a este punto, asaltouno unha desesperación aínda maior. Retirou as mans do rostro e torceunas con tanta forza que lle estralaron as articulacións.

—Até agora todo marchaba ben, porque Kattrina podía traballar, igual ca min. Mais agora, non terá outro remedio que ficar na casa para coidar da criatura.

Fitou cara adiante dunha maneira tan sombriza coma se xa vise a pantasma da fame achegarse polo eido para se meter na súa casa.

—Pois si —dixo descargando un golpe violento cos dous puños sobre o tallo para reforzar as súas palabras—. Só digo que se eu o soubese aquela vez cando Erik de Falla me ofreceu aquelas vigas ruíns para construír unha casaña nos seus terreos, se soubese naquel momento que este sería o resultado, renunciaría a isto e seguiría vivindo no alboio dos xornaleiros toda a miña vida.

Eran palabras tremendas esas, decatábase ben, mais non tiña intención ningunha de retiralas.

—Se acontecese algún tipo de... —comezou, porque chegara a tal punto que dera en pensar que non lle importaría que o fillo non chegase con vida a este mundo. Pero non conseguiu pronunciar esas palabras porque nese instante chegoulle aos ouvidos un xemido desde o outro lado da parede.

O pendello comunicaba coa casa e, se puña a orella, escoitaba os xemidos un após outro desde alí dentro. Comprendeuse deseguida o que significaba e ficou en silencio longo tempo sen amosar nin pena nin alegría. Por fin, regueu os ombros.

—Ben, pois xa chegou. Agora, se Deus mo permite, xa podo entrar na casa e quencer.

Non obstante, ese alivio non lle foi concedido tan axiña e tivo que sentar e agardar algunha hora máis.

A chuvia seguía zorregando, o vento aumentaba e aínda que só era cara ao final de agosto, o tempo era tan horrible coma un mal día de novembro.

Aínda por riba asaltouno un pensamento que o deixou máis angustiado. Comezou a sentirse desprezado e desatendido.

—Amais da parteira hai tres mulleres alí dentro con Kattrina —dixo en voz medio alta—. Podían tomar a molestia de me vir dicir se é rapaz ou rapariga.

Escoitou como prendían lume na lareira. Mirou que corrían á fonte a buscar auga, mais ningunha delas pareceu decatarse da súa existencia.

Agochou de novo o rostro entre as mans e comezou a balanزار o corpo de diante a atrás.

—Meu querido Jan —dixo—, que mal tes ti? Por que che vén todo do revés? Por que sempre che vai tan mal? E por que non casaches cunha rapaza nova e bonita en lugar de coa vella Kattrina, a criada da quinta de Erik de Falla?

Estaba completamente aflixido. Por entre os dedos corréronlle incluso unhas poucas bágoas.

—Por que es tan pouco considerado na parroquia, meu pobre Jan Andersson? Por que es sempre o último? Ben sabes que hai outros que son tan pobres coma ti e tan pouco capaces para o traballo, mais ninguén é máis menosprezado ca ti. Que é o que che falta a ti, meu Jan?

Cantas veces formulara esa pregunta, aínda que en van. Tampouco tiña esperanza de atopar resposta nin-

gunha. Talvez el non tiña ningún mal a fin de contas? Talvez todo se explicaba porque Deus e os homes eran inxustos con el?

Cando chegou a ese pensamento retirou as mans dos ollos e tentou adoptar unha actitude ousada.

—Cando por fin entres na casa, meu amigo Jan —dixo—, non lle botes nin unha mirada á criatura. Vas onda a lareira para quencer sen dicir unha palabra.

—E se marchases de aquí? Non precisas agardar máis tempo agora que sabes que todo saíu ben. E se lle mostras a Kattrina e a esas mulleres o home que es?

Ía erguerse cando xusto nese intre apareceu a dona da quinta de Falla na entrada do pendello. Inclínouse amablemente e convidouno a entrar na casa para ver a criatura. Se non fose a patroa de Falla en persoa a que fixese o convite non sería moi seguro que Jan aceptase entrar, tan mal de espírito como se atopaba. Mais a ela seguíuna, aínda que sen ningunha présa. Procurou revestirse da expresión e da presenza que observara en Erik de Falla o día que chegara á casa parroquial para deixar o seu voto na urna e conseguiu mostrar con bastante precisión ese aire solemne e agre.

—Por favor, Jan! —dixo a patroa de Falla abrindo a porta de par en par e apartando a un lado para deixalo avanzar diante.

Nunha primeira ollada observou que todo estaba limpo e ben arrombado. Retiraran a cafeteira do lume para arrefecer un pouco e puxeran a mesa onda a xanela cun pano branco coma a neve a as cuncas de café da patroa de Falla. Kattrina repousaba no leito e as outras dúas mulleres que viñeran axudar arrimáronse á parede

para que el puidese ver ben todos os preparativos que fixeran.

Diante da mesa do café estaba a parteira cun vurullo nos brazos.

Non puido evitar pensar que nesta ocasión parecía ser el o protagonista do momento. Kattrina ollábao cunha mirada tenra, coma se lle preguntase se estaba satisfeito con ela. As demais tamén dirixían cara a el as miradas coma se agardasen eloxios polo traballo realizado pola súa causa.

Así e todo, non é tan doado estar feliz despois de pasar todo un día anoxado e aterecido. Non podía desfacer da faciana a expresión de Erik de Falla e ficou en pé sen dicir unha palabra.

Entón a parteira deu un paso cara a el. A casa era tan pequena que abondou cun só paso para chegar xunto a el e colocarlle o bebé nos brazos.

—Aquí está a súa pequena filla, e vexa que é unha rapariga soberbia!

Jan sostíña entre as mans algo quente e suave e envolto nun chal. O chal estaba dobrado de tal xeito que puido distinguir o pequeno rostro engurrado e as manciñas murchas. Ficou parado preguntándose o que esperaban aquelas mulleres que el fixese con iso que a parteira lle botara nos brazos e de súpeto sentiu un golpe que os sacudiu a el e o bebé. Non proviña de ningunha outra persoa do cuarto, pero non era quen de dicir se viñera da nena cara a el ou del cara á nena.

Nese instante o corazón comezou a palpitarlle no peito coma nunca antes, e de súpeto xa non sentiu frío nin se notou apesarado, preocupado ou anoxado, senón que todo lle pareceu ben. O único que o inquietaba era

non comprender por que o corazón lle batía desa maneira tan forte no peito se non estivera a bailar nin a correr nin subira a unha montaña empinada.

—Señora —díxolle á parteira—, poña a man aquí e vexa como bate o meu corazón. É algo estraño.

—Bate ben forte, si —díxolle a parteira—. Pasoulle máis veces?

—Non, nunca o sentín así —asegurou—. Nunca desta maneira.

—Está vostede ben? Séntese mal?

Non era iso.

A parteira non entendía que mal podía ter.

—Así e todo, voulle coller a nena.

Entón Jan sentiu que non quería arredala do seu peito.

—Non, déixeme a meniña —dixo.

Nese momento as mulleres conseguiron ler algo nos seus ollos ou ouvíronlle na voz algo que as contentou, porque o xesto da parteira se retorceu e as outras soltaron unha gargallada.

—Non tivo vostede nunca tanto cariño por alguén que lle batese o corazón con esa forza? —preguntou a parteira.

—Noon —dixo Jan.

Nese mesmo momento comprendeu a causa de que ese corazón se puxese en movemento. E non só iso, senón que comezou a sospeitar o mal que sufrira toda a súa vida. Porque aquel que non pode sentir bater o corazón nin na pena nin na alegría, en verdade non pode ser chamado un home verdadeiro.